

ÁMBITO

Localidade	OURENSE
Comarca	OURENSE
Lugar de realización	CENTRO CULTURAL MARCOS VALCARCEL

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	65
Nº de non militantes asistentes	12
Nº de militantes convocad@s	Toda a militancia

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

<i>Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso</i>	
A nivel local	Xose Fernández Baltar. Responsábel Local
Representante do Consello Nacional	Noa Presas

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	2 horas
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Clásica, asemblea aberta. Turnos libres de palabra e reparto de papel para deixar suxerencias ao final da asemblea

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Bo ambiente, cordial. Pero que non permitiu debate ao non haber turnos de replica polo elevado numero de participantes.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN

Bo ambiente, e moitos turnos de palabra por militantes e simpatizantes do BNG, e xente interesada neste espazo. Mais o elevado número de participacións impediron abrir abrir turnos de réplica e debate, ou meramente de diálogo o que fixo patenten a necesidade de máis asembleas máis pequenas e acotadas tematicamente nas que concretar e dialogar as cuestións que xurdirón na asemblea.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

Con carácter xeral:

- Todo pode ser debatido agás o feito de sermos nacionalistas.
- Clarificación do discurso. Respostas no día a día.
- Autodeterminación, Independencia, Soberanismo: Reforzo da autoorganización do Pobo galego.
- Importancia da unidade do nacionalismo
- Necesidade de incorporar umha perspectiva anticapitalista
- Necesidade de incorporar xente moza
- Falar coas persoas e nos colectivos.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Radiografía da Galiza de hoxe

-Ante as escasas perspectivas de futuro nesta provincia, poboación envellecida, emigración, mocidade sen traballo...facer política social da man do nacionalismo

-A raíz dos problemas deste País non ten mudado

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Estratexia política do nacionalismo galego

- Distintas visións sobre o proceso de refundación:
 - Necesidade de que este proceso vaia unido ao proceso electoral. Ir a un proxecto inclusivo
 - Proceso fundacional de algo novo, non só de refundación do BNG, senón de reconfiguración do marco do soberanismo en Galiza
- Partindo da situación legal que temos, o primeiro paso é esixir o dereito de autodeterminación, poder votar e escoller. Porque hoxe por hoxe, hai que subir un escalón que é que consiste en poder escoller. E non o da independencia.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Participación política e modelo organizativo

- Modelo organizativo:
 - Necesidade de participar nos movementos sociais. Conxugar necesariamente a presenza institucional con outras alternativas A función da militancia nas organizacións de masas: activismo transmisor do noso traballo nas institucións
 - O modelo organizativo ten que ser asemblear de base. Pero con un sistema que teña unha dirección con capacidade para actuar. Que é o modelo do BNG
 - Que a futura organización de referencia nacionalista do futuro conxugue a necesaria intervención institucional con outras alternativas penso que temos que revisar tamén outras cuestións a nivel organizativo e como practicar o traballo. Camiñar cara un modelo de organizativo menos ríxido, non por iso menos organizado, un modelo máis de movemento e coordinación do movemento do nacionalismo en diferentes aspectos, (o xuvenil, o ambiental, o institucional, e demais...)
- Perspectivas sobre as alianzas futuras:
 - Alianzas tácticas hai dúas variables fundamentais:
 - 1º. a primeira, a que respeta a Galiza, a alianza táctica con forzas que ao mellor non coinciden ideoloxicamente pero que na teoría e na práctica defenden a autoorganización deste país, e as clases sociais deste país. Co que mesmo podemos coincidir nun modelo de estrutura organizativa.
 - 2º. Ou outra alianza táctica, que é coa xente que non defende eso. Alianzas con forzas que non estén integradas no país e que quen nos vai dar a solucións non esté no país.
 - As alianzas tácticas do futuro deberían ter en conta as necesidades materiais das persoas e non tanto cuestións de sentimento.

PROPOSTAS PARA O DEBATE